

XXIV ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA ARTE E LINGUA COMO FERRAMENTAS DE CONSTRUCCIÓN MASIVA

CURRÍCULOS

FRAN DA LOBEIRA. A LOBEIRA TODAY

Son Fran polo meu avó paterno e da Lobeira porque é a “illa” de paz e tranquilidade na que habito situada na parroquia de Santa Mariña do Monte, no Concello de Sansa, San Sadurniño se non sodes de preto... Diría que son neofalante, mais como non gusto desa etiqueta, prefiro dicir que son galegofalante dende finais do ano 2017, cando tiña 39 anos.

Aínda que non me adico profesionalmente a isto, ou polo menos non a un nivel que me permita prescindir do meu traballo, diría que a miña paixón a día de hoxe é crear contido en liña na nosa lingua, tratar de colaborar con outras persoas para darlles difusión aos seus proxectos, visibilizándoos nas redes mediante automatismos dixitais, axudándolles a facer programas ao vivo ou mesmo dando charlas sobre novos xeitos de creación dixital en liña.

Creo contidos dixitais dende 2011, cando comecei a escrita do blog persoal, *Vivo na Lobeira*. A miña actividade naquela bitácora foi decaendo ata que en 2016 marchei 3 anos destinado a Brunssum, unha pequena localidade dos Países Baixos, e movido por morriña e algo de carraxe do tipo: ‘el gallego no es una lengua, es un dialecto’ creei a canle de Instagram *A Lobeira Today*, na que mantiven un videodiario entre febreiro de 2017 e marzo do 2018, cando xa cobraba máis importancia a canle de YouTube.

Esta naceu o día de santa Lucía, o 13 de decembro de 2017, coma se fose premonitorio e xa daquela soubese que a miña esposa, Lucía, íase transformar nunha absoluta santa que aguantaría todas as miñas charlas, ledicias e frustracións dende entón. Coa *Lobeira Today* teño participado en distintos certames, sendo finalista en algún varias veces e en distintas categorías. E aínda non resultando gañador, levei o mellor dos premios, o da xente, cando varias persoas creadoras de contidos agradeceron publicamente no escenario o meu traballo e a miña achega á rede con proxectos como “As 50 do YouTube galego”, unha lista mensual das canles máis potentes en creación de contido en galego que ademais vén de cumprir o pasado maio dous anos de vida.

Na actualidade, *A Lobeira Today* veu dar nunha miniprodutora amadora de programas en liña, con presenza en 5 das 6 redes sociais máis usadas, con máis de 6000 seguimentos entre todas elas e 8 programas en directo diferentes. Con máis de 14 persoas colaboradoras e tal transformación, inspira o último slogan da canle: “A Lobeira today, a canle de canles para unha inmensa minoría”.

Recentemente, a nivel individual, participei na creación da Asociación Cultural Obradoiro Dixital Galego, da son presidente provisional e que nace para agrupar as persoas creadoras de contidos en liña na nosa lingua, cultura de base necesaria para prestixiar o galego. Deste xeito, únense por fin as comunidades de Podgalego, Twitch en galego e YouTube en galego.

fran@alobeiratoday.gal

NEE BARROS. NEEUMATIKO

Nee Barros é divulgadore cultural, escritore e youtubeire.

Nas redes podes encontrá-le como @neeumatiko a falar de literatura em galego, do colectivo LGBTQIA+ e de música (principalmente no seu canal do YouTube).

Também tem dous libros publicados: *Identidade. A normalidade do non-común* e *19 poemas para um VÍRUS-19*; assim como um podcast: *Conversas Perversas*.

QUICO CADAVAL

Naceu en Ribeira en 1960. Familia taberneira de orixe labrega. Estuda en distintos colexios que practicaban a violencia como método pedagóxico. Vai para a universidade estudar Historia e Xeografía, carreira que non acaba aínda que segue a ser a súa vocación.

Entra en movementos políticos estudantís de orientación nacionalista e ao mesmo tempo toma contacto con grupos de teatro. Neses anos 80 participa en espectáculos do CDG e de Antroido, e participa da fundación do grupo Moucho Clerc, na que recibe a influencia definitiva de Xoán Cejudo ao que assume como o seu mestre. Para esta compañía escribiría *Um Códice Clandestino*.

Nos anos 90 tem unha bolsa da Deputación da Coruña, frecuenta a Sala Nasa e acompaña a fundación de Mofa&Befa. Dirixe no CDG e no Teatro do Aquí. Nos últimos anos do milénio escribe *O vello Sinbad* e *FinismundiCircus*, e participa no programa da TVG *Apaga a Luz*.

No terceiro Milenio fíxose vello e pódese lembrar un éxito no teatro público con *Noite de Reis* do Shakespeare, a participación no programa *Operação Triunfo* na televisión pública portuguesa, o inesperado suceso de *Shakespeare para ignorantes* con Mofa e Befa e a continuidade como contador de historias en festivais de todo o mundo, continuando o movemento que comezamos nos anos 90 no bar Atlántico.

O ano pasado fixo unha ópera con Fernando Buide, *A Sombra de Cristal*. Pasouno ben.

GUADI GALEGO

Guadi Galego é unha das artistas máis relevantes da escena galega actual, froito dunha andaina musical que comezou sendo moi nova. En 1997 entra en Berrogüetto como vocalista, pianista e gaiteira, e grava con eles tres discos. *Viaxe por Urticaria* (1999) e *Hepta* (2001) foron calorosamente recibidos pola crítica e obxecto de varios premios e recoñecementos (entre eles o de Mellor Grupo Folk Europeo de 2000 e unha candidatura aos Grammy Latinos de 2002). Seguíunos *10.0* (2006), que acadou o segundo Premio Opinión a Mellor Disco Galego do ano e foi candidato aos Premios da Música co seu tema "Xente".

Para daquela Guadi xa comezaba a experimentar con diversas sonoridades en formacións como o seu proxecto máis íntimo e persoal, *Espido* (con Guillermo Fernández) ou *Nordestin@s* (con Abe Rábade e Ugia Pedreira), ambas tamén galardoadas co Premio a Mellor Disco Galego. No 2009 inicia a súa carreira en solitario con *Benzón*, álbum aclamado pola crítica galega e española, sen deixar de participar noutros proxectos. Así, no ano 2012 sae o disco *aCadaCanto*, proxecto intimista onde traballa unha vez máis con Guillermo Fernández, acompañada tamén por Xabier Díaz na voz e Xosé Lois Romero no acordeón. No 2014 ve a luz o seu segundo traballo en solitario, *Lúas de outubro e agosto*, e no 2016, ano en que acada o Premio Martín Códax da Música á Mellor Artista na categoría de Canción de

Autor, sae o terceiro, *O mundo está parado*. Este disco viaxa do persoal á reflexión colectiva sobre cuestións como a identidade e a coherencia, elaborando unha sonoridade envolvente con arrecendo pop que reapareceu no *EP Bóla de cristal* (2018).

No 2019 estreou *Immersion*, unha relectura musical e lingüística das súas obras máis recentes da man de artistas como Iván Ferreiro, Clara Peya, Xabier Díaz ou Lisandro Aristimuño. Este álbum valeulle o Premio á Promoción da Realidade Plurilingüe no Estado español. Tras unha xira e un ano marcados pola pandemia, Guadi Galego lanza *Costuras*, 10 cancións que viaxan desde mundos asociados á súa infancia ata o presente máis duro e á vez esperanzador.

MONTSE RIVERA

Dende moi nova, Montserrat Rivera participa en diferentes agrupacións folclóricas galegas, chegando a desempeñar durante cerca de 9 anos o cargo de directora do corpo de baile e pandeireteiras da prestixiosa Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos (Santiago de Compostela) e dende o ano 2012 leva a dirección do Grupo de Baile Brincadeira (Santiago de Compostela).

Desenvolve unha incesante actividade como mestra de baile, pandeireta e canto tradicional galego para diferentes Asociacións, Institucións e Festivais tanto a nivel nacional, como internacional (Portugal, Alemaña, Venezuela, Arxentina, Bélxica, etc.).

Dende o ano 1989, forma parte do grupo de pandeireteiras Leilía co que ten publicados cinco traballos discográficos, ofrecendo concertos en multitude de países, e colaborando en innumerables traballos discográficos e audiovisuais con artistas da talla de Milladoiro, Xosé Manuel Budiño, Kepa Junquera, Brigada Victor Jara, Emilio Cao, etc.

No 2008 xunto con Mercedes Prieto crea o grupo Pesdelán, coa intención de poñer a bailar a toda a familia. O grupo ten dous traballos publicados: “Na Punta do pé” e “Entroidanzas”.

Posúe un valiosísimo arquivo audiovisual conxuntamente con Felisa Segade, froito de máis de 30 anos de investigación etnográfica por toda a xeografía galega (vestiario, tradición oral, musical e baile), ó que se engade a participación en congresos, cursos e conferencias relacionadas coa cultura e tradición galega.

Tamén foi membro do xurado do concurso de baile tradicional realizado no programa da TVG Luar (Vai de Baile/ Na Punta do Pé) nas distintas edicións dende o seu inicio no 2005 ata o 2017.

Actualmente compaxina a súa vocación docente coa participación e asesoramento na confección de traxes tradicionais no establecemento De Cotío, coa actividade artística en Leilía e Pesdelán, o proxecto As Armadanzas e así como o monólogo *Cóntoche un traxe* e a obra de teatro *María Balteira, a bailadora primeira*.

MANUEL MASEDA

Aprende a tocar o acordeón por xenética. Foi o seu pai quen o encarreirou no mundo da música en Burela e tamén no xeito de vivila intensamente.

No seu estilo musical está sempre viva, como feito diferencial, a enerxía da música en directo. Os seus estudos musicais profesionais de solfexo, piano e canto realízaos no Conservatorio de Santiago de Compostela, cidade na que tamén cursará a diplomatura en Educación Musical e na que actualmente mora. Máis tarde complementará en Salamanca a

súa formación académica coa Licenciatura en Historia e Ciencias da Música. Exerceu como director do IES Maximino Romero de Lema (Baio, Zas) durante oito anos e na actualidade ten destino no IES do Milladoiro como docente de música.

A pesar de tocar varios instrumentos, é o acordeón o seu símbolo de identidade, en torno ao que xira todo o seu discurso musical. Isto levouno a formar hai anos o dúo chamado Serra-lhe aí!!! que posteriormente se transformou nunha grande familia musical. Foi tamén membro fundador do grupo Fiandola e Taghaitáí, nos que a música tradicional son esencialmente a canle de comunicación escénica.

Tamén experimentou unha interesante etapa compositiva e interpretativa cos Diplomáticos de Montealto como vocalista, acordeonista e saxofonista. Compuxo e gravou temas con Guadi Galego, Sés, Lamatumbá, O Sonoro Maxín... entre outras. As súas inquedanzas lévano tamén ao mundo da creación audiovisual de documentarios e á produción musical.

Leva anos traballando no *Proxecto Regueifesta*, no que tenta –xunto con Séchu Sende- levar o mundo da improvisación oral en verso ás aulas do sistema educativo público. Un proxecto de dinamización lingüística a través do activismo social e educativo que nos últimos anos medrou dun xeito imparábel. Na actualidade está a traballar no proxecto educativo *Ao son da nosa música*, un camiño para tecer pontes de encontro entre o mundo artístico en galego e o ensino público.

KIKO DA SILVA

Vigo (Pontevedra) 1979. Historietista, ilustrador, editor e director da primeira escola profesional de banda deseñada de Galicia, O GARAXE HERMÉTICO.

Comezou a debuxar de maneira profesional con tan só 16 anos, traballou como humorista gráfico en *La Voz de Galicia*, no semanario satírico *El Jueves* e actualmente publica viñetas diarias na súa sección A SILVEIRA de *El Correo Gallego*.

Publicou nas principais editoriais galegas e nacionais e foi traducido a idiomas como o inglés, o francés e o coreano. É o ilustrador de *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis*, *A memoria das árbores*, *Moncho e a mancha* e *Que contan as ovellas para durmir?*

Creou a ORBIL, o lobo lector mascota do Salón do Libro de Pontevedra. Tamén é o pai de Fiz, o neno máis porco do mundo, que comezou a publicar na revista *Golfiño* no 2002.

Gañou moitos premios de banda deseñada, entre os que destaca o Premio Castelao de Bd no 2014 pola súa obra O INFERNO DO DEBUXANTE. No 2007 recibiu o Premio Xoán Manuel Pintos pola promoción da lingua galega.

Coma editor, creou a revista *BD Banda* e a revista *Retranca* (ambas premiadas no Salón do Cómic de Barcelona); publicou *As serpes cegas*, de Cava e Seguí, que recibiu o Premio Nacional de cómic 2010; coordinou a colección de bd de Faktoría K de Libros e a sección de bd da revista *Oink!* do Xabarán Club.

Dirixe a editorial *Retranca* dende o 2007 e dende o 2018 a revista de bd galega *A Viñeta de Schrödinger* editada pola MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Actualmente dirixe e imparte clase de cómic en O GARAXE HERMÉTICO, a primeira escola profesional de banda deseñada de Galicia. Dende o 2012 está traballando no seu proxecto de bd máis longo, a novela gráfica BAIXO A SOMBRA DAS PEDRAS FLOTANTES, que publicará en galego XERAIS e en castelán NORMA Editorial.

LAURA ROMERO

Alacant, 1991

Son ilustradora, urban sketcher e pintora ocasional e baixista da veterana banda de rock Zēnzar. Desde o 2018, son socia da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), a cal presido desde mediados deste ano.

Licencieime en Belas Artes na Universidade de Salamanca no 2014, pola especialidade de pintura. Aínda así, foi a música a que me empurrou de forma inesperada a tomar o camiño da ilustración.

Son estes dous eidos, música e ilustración, os que combino no meu proxecto persoal máis coñecido ata a actualidade, *Músicas Galegas Ilustradas*, para visibilizar o papel das mulleres na historia da música galega e a problemática de desigualdade de xénero nesta disciplina. *Músicas Galegas Ilustradas* alberga outros proxectos, como a publicación *Ferreñas & Rock'n'Roll* (con Iria Pedreira como coautora e Baía como editora), a cal puideren presentar en maio na Feria Internacional del Libro de Buenos Aires; *As nosas músicas falan galego!*, actividade pensada para mocidade, e o relacionado co cancelo #MáisMulleresNosEscenarios.

Son a responsable das imaxes do proxecto musical infantil de Pakolas, ademais de ilustrar outros libros recentemente como *Madeira e Metal*, de Laura Rey Pasandín, *Xela Arias, palabra á intemperie*, de Emma Pedreira ou *Donas de nós*, de Ánxela Gracián, todos eles de Baía Edicións.

www.eleromero.com

YOSEBA MURUZÁBAL

Yoseba Muruzábal é pintor e muralista, licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo e bolseiro na modalidade de talleres de pintura pola Fundación Arauco de Madrid.

Gaña o Certame Novos Valores de pintura coa súa peza *Juancho y sus perros*.

Participa tamén no certame de pintura Terras de Iria en dúas ocasións coas obras *Paul y Duke e Alberto y Shango*. Tamén é gañador do Certame Arte Nova Galega coa peza *Lolo* e acada o premio a mellor artista galego na IX Bienal do Eixo Atlántico co cadro *Chevi*.

Nos últimos anos dedícase ao muralismo, onde aterrou grazas a participar en moitos festivais galegos como o Desordes Creativas, Rexenerafest, Crómico Fest, Vigo Cidade de Cor, Compostela Contemporania ou Culturban entre outros.

ANXOS SOBRIÑO

O Rosal, 1971.

É licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Realizou unha memoria de licenciatura sobre a entoación do galego do Baixo Miño, baixo a dirección do profesor Xosé Luís Regueira, e foi bolseira no Instituto da Lingua Galega, onde traballou no proxecto Tesouro Informatizado da Lingua Galega, dirixido polo profesor Antón Santamarina.

No ámbito da normalización lingüística, traballou como técnica de normalización lingüística no Concello do Rosal. Posteriormente, durante tres anos, ocupou un posto de tradutora

intérprete na Dirección Xeral de Xustiza da Xunta e, desde o ano 2005, é técnica superior lingüista na Audiencia Provincial de Pontevedra.

Desde 2016 é presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

XOSÉ ANTONIO TOURIÑÁN

Profesional multidisciplinar e un dos cómicos máis recoñecidos do país. Comezou a súa carreira na Televisión de Galicia no ano 2005, onde colaborou como actor, humorista e presentador en diferentes espazos da cadea como *Padre Casares*, *Air Galicia*, *Tourilandia*, *Land Rober* e *Era Visto!*

Fóra da TVG, protagonizou diferentes papeis en exitosos formatos como poden ser *Fariña*, *El Desorden que Dejas*, *Justo antes de Cristo*, *Antes de Perder* ou *Pequeñas Coincidencias*, como tamén na exitosa comedia *Cuñados*.

No teatro representou numerosos monólogos e representacións. Nos últimos tempos, produciu e interpretou *Fariña*, o espectáculo teatral, un dos maiores éxitos do teatro galego con máis de 60.000 espectadores. Tamén é director e promotor do Castelo Conta, o festival de comedia, tradición oral e cultura rural que ten lugar en Castelo, Culleredo, dende o ano 2015. Ademais, este ano, dirixiu e produciu *Nena*, a súa primeira curtametraxe.

NATALIA OUTEIRO “PAJARITO”

Natalia Outeiro “Pajarito” é pallasa, actriz e directora. Artista multidisciplinar, profesional das artes escénicas cun percorrido xa de 20 anos. Socia fundadora da primeira compañía profesional de circo de Galicia, Pistacatro, e colaboradora activa na desaparecida Sala Nasa co grupo Chévere. Vive sempre en comunidades eclécticas entre teatro, danza, circo, audiovisual e fusión das artes.

Promotora e directora varios anos do Festival de Circo De Gorra en Santiago de Compostela, como pallasa ten xa unha grande proxección tanto nacional como internacional. É promotora tamén, cunha longa experiencia, nos espectáculos á gorra, onde a cultura é para todas e a sorpresa e o presente da actuación faino único.

No eido da formación, estuda teatro na Escola de Teatro Espazo Aberto de Santiago de Compostela, danza no HAMU de Praga e Circo na Escuela de Circo Criollo en Bos Aires. Segue en continua formación en clown e teatro, con mestres como Leo Basi, Michelle Dellaire, Maite Guevara e Pablo Ibarlutzea. Tamén continúa formándose como directora con Joel Bedows, Theor Roman, Noemi Rodríguez.. Hai dous anos comeza o seu camiño como docente de clown.

Co seu espectáculo individual *A vida Tola*, de clown e escapismo, leva percorrida toda Galicia, tamén a nivel nacional e internacional (Cuba, Rusia, Londres). Con este espectáculo gaña premios como o FETEGA 2018, Festival de Teatro do Carballiño, e o FARANDULA 2021, Festival de Circo nas Palmas de Gran Canaria, os dous a mellor espectáculo. Co seu espectáculo *Isolada* comeza unha nova andaina cara a un clown máis puro e poético. A nivel colectivo, traballou con compañías como Pistacatro, Chévere, Panamesiana, Mercé de Rande...

Como directora xa leva dirixidos máis de 10 espectáculos no mundo do circo, tanto individuais como colectivos, deles dous premiados en festivais, Contiguo en CIRCADA e Caír en ENTREPAYASAOs. Dirixiu para compañías como Pistacatro ou Cía IO.

ELENA FERRO

Elena Ferro pertence á terceira xeración dunha familia especializada na elaboración de zocos de madeira que data do ano 1915. Elena, coa súa marca Eferro, logrou transformar a mentalidade respecto a un produto asociado ó rural e ó traballo do campo, os zocos eran un calzado moi desprezado e a súa intención foi dignificalo ata lograr que agora sexan empregados como complemento de moda con deseños e cores arriscadas, engadindo un elevado grao de innovación a un produto tradicional. Elena gañou diversos premios e recoñecementos, entre os que se pode destacar o Premio de Artesanía Antonio Fraguas ou o Premio Nacional de Artesanía 2019.

BERNARDO PENABADE

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, complementou estudos na especialidade de Filoloxía Hispánica. Nese tempo, a mediados os 80, con Luís Poupariña, desenvolveu unha intensa actividade na comisión de cultura da Residencia Universitaria 'Burgo das Nacións', onde impulsou a convocatoria dun célebre Certame Literario que serviu para descubrir novos valores. Desde 1985, mantivo colaboración artística no sector audiovisual coa empresa Imaxe Galega en traballos encargados pola TVG. Ademais da sincronización e dobraxe de filmes e seriais televisivos, ocupouse da tradución de guións (especialmente de programas destinados ao público infantil).

Entre 1997 e 1998, foi colaborador habitual de *Volvoreta*, o suplemento do xornal *El Correo Gallego* para a comunidade universitaria de Compostela, onde publicaba noticias de libros e entrevistas a escritores galegos.

Tras un breve período de docencia no Colexio Paulo VI da Rúa de Valdeorras, foi profesor no Instituto Otero Pedraio de Ourense, en Bueu, Ortigueira e en Viveiro (IES 2003). Desde 2003 está destinado no IES Perdouro de Burela.

Participou en numerosos congresos con relatorios publicados sobre sociolingüística e didáctica. Traballos seus poden lerse na revista *Agália*, en *A Nosa Terra* e *Novas da Galiza*, como tamén nas actas de diversas reunións de carácter científico. Desde 1983 é membro da AGAL, entidade en que colaborou con diversas personalidades relevantes da cultura galega, entre elas Ricardo Carvalho Calero.

Integrante do consello directivo en diversas ocasións, resultou elixido secretario en 1996 e foi presidente no período 2001-2007, encabezando un movemento de integracionismo nun sentido integrador.

No campo da didáctica é o impulsor do "Modelo Burela de Planificación Lingüística", unha estratexia educativa en aplicación desde 2004.

ÁNGELES HUERTA

Nada en Xixón en 1974. Doutora en Literatura Comparada pola Universidade de Oviedo e diplomada en Practical Filmmaking pola Met Film School de Londres. En 2017 estrea a súa primeira longametraxe, *Esquece Monelos*, un filme de non ficción que foi merecedor de tres premios Mestre Mateo, unha Mención Especial do xurado en Documenta Madrid e unha nominación aos Premios Feroz, entre outros galardóns.

Está a piques de estrear a súa segunda película, *O Corpo Aberto*, unha adaptación do relato *Lobosandaus* de Xosé Luís Méndez Ferrín. Tamén traballa como docente no sistema público

de Galicia e colabora en diferentes iniciativas de mentoría e desenvolvemento de proxectos no eido audiovisual.

ADRIÁN CANOURA

Nace en 1991 en Burela. A súa formación audiovisual comeza na Fundación Tic (EIS Lugo), en Realización e Produción Audiovisual. Continúa cunha especialización en Cámara e Realización na Escola de Ficción de Voz Audiovisual na Coruña. En 2016, trasládase a Madrid para cursar o Máster LAV: Laboratorio de Práctica e Creación Audiovisual Contemporánea.

Destacado como un novo talento pola Academia Galega do Audiovisual no 2018, pode definirse como cineasta e/ou videartista. As súas creacións van desde o videoclip, deseños, películas, instalacións ao *av live* para bandas musicais como Guerrera, Nistra ou Baiuca máis recentemente.

O seu traballo navega entre diferentes formas, desde proxectos híbridos entre o documental e a ficción, ata aproximacións máis experimentais á videocreación, traballo con arquivo ou creacións máis contemporáneas. Durante estes últimos anos desenvolve numerosos traballos entre o cine a música, onde destacan numerosos videoclips para bandas como Baiuca, Blanco Palamera, Guerrera, ou Ronroneo entre outros. Películas como *Da morte nace a vida* (2020), *Rexistros* (2019), *Caerán lóstregos do ceo* (2018), *Salitre nas veas* (2017), *O porco e o seu espírito* (2016) ou *Nistra Batuko Exploration* (2015). Actualmente desenvolve o seu novo proxecto, en fase de produción, *Fomos ficando sós*.

Caerán lóstregos do ceo, película de 2018, foi incluída pola prestixiosa crítica e teórica do cinema de vangarda Nicole Brenez como un dos mellores traballos dese ano, co cal obtivo diferentes premios e recoñecementos entre os que destacan o de Mellor filme de vangarda e Premio Camira no festival Filmadrid. Os seus traballos foron proxectados por numerosos festivais de todo o mundo como Curtas Vila do Conde, Curtocircuíto, Fibda, Fracto Berlin, Filmadrid, Nouveau Cinema, (S8) Mostra de Cinema Periférico, FICCI de Cartagena de Indias ou São Paulo entre outros.

Actualmente enfócase na creación audiovisual en directo para Baiuca, co que percorre os escenarios nacionais máis importantes, así como diferentes festivais de todo o mundo: Marrakech, Bogotá, Quito, Milan, Florencia, París, Londres...

ALBA CID

Alba Cid (Ourense, 1989) é unha poeta e investigadora galega. *Atlas* (Galaxia, 2019), o seu primeiro poemario, foi galardoado co Premio Nacional de Literatura na modalidade de Poesía Nova Miguel Hernández que concede o Ministerio de Cultura.

Os seus poemas foron traducidos ao castelán, grego, inglés e portugués, e incluídos en revistas e webs como Poem-a-Day (serie dixital da Academy of American Poets), Asymptote, Enfermaria 6, Kenyon Review online, Oculita Lit, The Offing ou Words Without Borders. Participou en volumes como *Poética da casa* (2006) e na antoloxía de *Apiario No seu despregar* (2016); mantivo un “Gabinete de curiosidades” na revista *Tempos Novos*. Tamén forma parte de proxectos interartísticos e ligados ao patrimonio inmaterial coma o colectivo *Rupestre Sonoro*, e as publicacións *Os danzantes dos Reis* (aCentral Folque, 2018) cun texto que acompaña as fotografías de Eutropio Rodríguez, ao igual que acontece en *Ben Vennas Maio*, un disco de Pablo Sanmamed (aCentral Folque, 2020).

É colaboradora da Radio Galega e de diferentes revistas, nas que publica creación e recensións; forma parte do consello de redacción de Dorna; fotografa e ilustra ocasionalmente. Ocupouse durante dous anos do John Rutherford Centre for Galician Studies da Universidade de Oxford.

Atende a etimoloxías, historia natural e prácticas culturais diversas.

<https://www.instagram.com/ollobasilisco/>

DAVID COBAS MEDÍN

Profesor de Lingua Galega e Literatura no ensino secundario.

Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou durante anos no ámbito da normalización lingüística, como técnico nos concellos da Laracha, Vigo e Rianxo e nas universidades da Coruña e Santiago de Compostela. Formouse traballando como bolseiro no Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela, no Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e no Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega.

Formador e avaliador en lingua galega para a Xunta de Galicia (Celga e linguaxes específicas), impartiu cursos para a comunidade universitaria da USC e da UDC (redacción científica, calidade lingüística, etc.), para a Deputación da Coruña e tamén para empresas privadas, fundacións e asociacións. Creador de materiais didácticos en lingua galega.

MARTA SOUTO GONZÁLEZ

Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa (USC, 1987). Profesora de lingua e literatura galegas entre 1987 e 1991 e profesora da Academia Galega de Administración Pública nos anos 1994-2000. En 1992 comezo a traballar como técnica do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, como responsable deste SNL.

PUBLICACIÓNS

Formularios básicos de procedemento xudicial en lingua galega, 2003

Manual de formularios para policía locais, 2001

Manual de documentos para asociacións veciñais, 2001

Léxico de urbanismo, construción e arquitectura, 2000 (co-autora)

Manual de linguaxe non sexista no deporte, 2008 (supervisora)

RELATORIOS

Sobre Toponimia, en distintos congresos, xornadas, cursos... entre eles:

- “Toponimia: Ferramenta para normalizar a lingua” nas xornadas *Como se chama ese lugar?* sobre toponimia viguesa, organizadas polo Concello de Vigo e a Universidade de Vigo. (Vigo, 2010).
- “O territorio nomeado”. XXI Congreso Internacional ICOS de Onomástica e Toponimia, (Barcelona, 2011).
- “Meu, coñecéndonos, descubríndonos”. I Curso de Formación en Especialistas en Toponimia, organizado polos concellos de Ourense, Pontevedra, Vigo, a Uvigo e o Instituto de Estudos Miñoranos. (Vigo, Pontevedra e Gondomar, marzo de 2013).

- “Toponimia do val de Fragoso”. II xornadas de Toponimia viguesa. (Vigo, 2013).
- “Toponimia e normalización”. Curso de verán “Toponimia. Actuación e Interpretación”, organizado pola USC (Santiago, 2013).
Sobre dinamización/normalización lingüística con relatorios sobre o labor dende o SNL, entre eles:
- Dende o ano 2001 e até o 2006 no Paternariado de linguas minoritarias da UE coa presentación de distintas actividades do SNL, así como noutros foros europeos sobre linguas minoritarias.
- En diferentes Encontros de Normalización Lingüística do Consello da Cultura, Cursos da USC, en xornadas organizadas pola USC, Comisión de Toponimia, servizos de Normalización Lingüística, ILG...
- “Duplo R. regueifa e rap”. El catalán mola?, xornadas organizadas pola Deputación de Tarragona, no 2010.
- “Bibliotecas viventes”. Proxecto “E-Books 21”: en Atenas no 2011.
- A improvisación oral tradicional e modernidade. Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo”, no congreso “L'improvisation orale. Tradition et actualité. Galice, Pays Basque et Pays Catalans”. Nouvelle Sorbonne. París, 2014.
- A improvisación oral: ferramenta para a normalización lingüística, no Congreso mundial sobre canto improvisado, organizado por Mintzola Fundazioa e pola Universidade do País Vasco, Donosti 2016.
- Xornada sobre a "Poesía Improvisada como recurso educativo", organizada polo SNL do Concello de Moaña en febreiro de 2019, co relatorio “A regueifa: ferramenta didáctica”.

LUPE BLANCO E OLAIA LIÑARES

Guadalupe Blanco Vázquez, (Coristanco 1980) Pandereteira dende os sete anos, entra no mundo da regueifa recordando ó seu bisavó Blanco de Muiño seco, considerado o "padriño" da regueifa en Bergantiños. Crea a súa páxina nas redes sociais *Regueifandopolavida* e colle un mérito notorio en toda Galicia, tanto é así que colabora dende o 2016 cunha regueifa semanal en Radio Voz Bergantiños e publica no dominical de La Voz de Galicia edición Carballo. No 2017 veu a dar os pregóns do día da muiñeira (Carballo), Noite no Medioevo (Rioboo- Cabana) e Festa da Pataca (Coristanco), todos eles a modo de regueifa. Colabora cos proxectos *Regueifesta* e *Enreguéifate* como formadora en obradoiros no ámbito educativo, e forma a primeira "Escola de regueifeiras" na Fundación Eduardo Pondal (Ponteceso).

Sae fóra de Galicia con actuacións no País Vasco (Centro Galego de Laudio) ou Mallorca (Certame de Glosa en Sóller).

Nas súas intervencións destacadas están:

- Gala do Patrimonio (Cangas 2017)
- Carballeira de Zas (2019)
- Presentación do Diario Nós (Compostela 2019)
- Festival "Alguén que Respira" (Teatro principal Compostela 2020)
- Presentación Gala ARitmar Galiza e Portugal (Auditorio de Galicia 2021)
- Certame Internacional de improvisación (Valadares, Vigo)
- Congreso estatal de EPA (Cidade da Cultura 2022)
- No pasado mes de xaneiro acada o primeiro premio dos Premios Galegos da Regueifa, organizados por La Voz de Galicia en Carballo, e actualmente está considerada a mellor

regueifeira de Galicia pola conservación das tonadas características de Bergantiños.

Olalla Liñares naceu en Negreira (1992) e estudou no ensino público galego. Formouse como xornalista e actualmente exerce como docente de Lingua Galega e Literatura nun instituto público galego. Cre firmemente que a poesía está en todas partes e adora a música e a palabra.

Comezou a regueifar de xeito informal e pouco a pouco animouse a subir aos escenarios, se ben o seu hábitat natural é a ras do chan. Aprende cada día a canda o seu alumnado adolescente, tamén improvisando.